


MEMORIA PLAMBE

INVENTOS E EXPERIMENTOS



**BIBLIOTECA
“ANTÓN CORTIZAS”
CEIP ISAAC PERAL**

CURSO 2021/2022

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

O proxecto deste curso, “**Inventos e experimentos**”, intenta ser interdisciplinar e integrador, que abrangue todas as áreas do curriculum e debe axudar a desenvolver todas as competencias.

Peraliño, a nosa mascota da biblioteca, está interesado en descubrir os inventos máis importantes da historia, así como as máquinas que empregamos no noso día a día. Do mesmo xeito, quixo investigar sobre experimentos e as distintas reaccións, que obtemos cando os levamos á práctica nas nosas aulas, recollendo todas as conclusións e comparándoas coas prediccións que fixemos de forma previa.

Por tanto, e tendo en conta as medidas correspondentes á actual situación Covid, propoñéronse distintas actuacións que nos permitiron motivar ó noso alumnado e facer experiencias enfocadas nos inventos e experimentos que lles fixeron descubrir a importancia de todos eles na vida cotiá.

▪ **APERTURA DA BIBLIOTECA**

En cursos anteriores, a actividade inicial celebrábase coma un momento especial de encontro no espazo físico da biblioteca, no que se iniciaba o proxecto a desenvolver ao longo de todo o curso. Este curso, ademáis da situación da pandemia, que xa de por si limita o uso da biblioteca, o Equipo animouse a darlle unha volta e ordenar e clasificar de novo todos os libros e contos de Educación Infantil, 1º e 2º para facilitar a accesibilidade do alumnado, cambiando disposición e mobiliario, o que nos tivo ocupadas toda a primeira metade de curso.

No seguinte enlace móstrase como tivemos a biblioteca durante todo este proceso e parte do resultado:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1862>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1875>

Non obstante, iso non impediu que leváramos a cabo actividades para desenvolver o noso proxecto.

Para presentalo, fixemos unha coidadosa selección de lecturas axeitadas para cada curso e foi Peraliño, a nosa mascota o que llas levou a cada unha das aulas.



Como xa sinalamos anteriormente, este curso, mudamos moitos dos costumes que adoitábamos levar a cabo dende a biblioteca, un deles é a apertura da biblioteca e presentación do proxecto para este curso. Adoitabámolo facer na biblioteca, xuntándonos varios cursos, pero por segundo curso consecutivo resultou imposible. A apertura da biblioteca trasladouse as aulas.

Presentamos ao alumnado das dúas etapas, de Infantil e de Primaria, o proxecto que levamos a cabo, a través do cal pretendeuse que os nenos e nenas fixeran propostas de distintos inventos e experimentos.

Posteriormente, Peraliño visitou todas as aulas, xunto cunha carta na que propuxo un listado para escoller diferentes experiencias baseadas no proxecto.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1876>

▪ **SAMAÍN E MAGOSTO**

No primeiro trimestre celebráronse no centro algunhas festas cunha gran importancia de tradición da cultura galega, como é o Samaín e o Magosto. Aproveitáronse para traballar, entre outros aspectos: refráns, tralalenguas, rimas, poemas, e outros textos en galego, moitos dos cales xurdiron dalgúns contos e libros que ofertou o equipo da Biblioteca tanto do noso fondo de libros de sempre, coma outras novas adquisicións.



Os recursos que ofrece a páxina web do centro podedes consultalos no seguintes enlaces:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1870>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/285>

▪ FELICITACIÓNS DE NADAL.

Nas aulas o alumnado elaborou diversidade de felicitacións de Nadal, coas que decoramos os corredores da escola.



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1883>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1541>




▪ DÍA DA PAZ

O día 30 de xaneiro conmemorouse no centro o Día Escolar da Non Violencia e da Paz.

A paz é un valor fundamental que debemos tratar nas aulas para que os nenos e nenas a incorporen ao seu sistema de valores, que está a formarse nestas idades. A paz enlázase a outros valores como a tolerancia e o respecto.

A biblioteca é un banco de recursos estupendo para traballar os valores e conta cunha referencia de libros que permiten traballalos na aula.

Este curso fixemos diferentes actividades: decoración das portas das aulas, escribir mensaxes nunhas pulseiras de amizade e colgalas na verxa de entrada do colexio, táboas de multiplicar de amizade...



Este curso non realizamos unha actividade conxunta de todo o centro, pero nas aulas centrámonos en traballar este valor fundamental para vivir nunha sociedade xusta e igualitaria.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1891>

▪ ENTROIDO

Este curso celebramos a festa do Entroido de xeito aberto de cara ó alumnado. Non obstante todo o claustro secundou o proxecto da Biblioteca (Inventos e experimentos) e fomos todos e todas disfrazados de científicos e científicas convertendo a escola así, nun gran laboratorio.



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1916>

▪ DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO

O Día de Rosalía de Castro é unha celebración fixada para o 23 de febreiro. A proposta constaba de varias actividades arredor da figura de Rosalía de Castro: Lectura, reprodución e recitado de poemas e unha elaboración con distintos materiais do retrato de Rosalía seguindo a técnica de Andy Warhol. Estes retratos ían acompañados de distintos pensamentos (que podían ser propios ou versos recollidos de Rosalía) e que foron colocados ó lado dos distintos retratos elaborados.



A páxina web do centro ofrece tamén moitos recursos que podes atopar no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1805>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1914>

▪ **DÍA DO LIBRO**

O día 23 de abril conmemórase o Día do Libro, polo que é unha celebración de gran importancia para a nosa biblioteca.

As propostas este curso consistían en varias actividades. Por un lado decorar os corredores do centro cuns banderíns nos que cada alumno/a escribía o título do seu libro favorito e o decoraba como quixera.



Doutra banda propuxemos distintas fichas de escritura creativa e outras que consistían en relacionar autores/as de libros con pequenos fragmentos, así coma personaxes moi coñecidos con distintos títulos.

Dado que as actividades propostas tiñan certa flexibilidade, permitindo así adaptalas á idade e circunstancias do grupo, o resultado logrado nos diferentes cursos foi diverso e enriquecedor.

Finalmente todo o alumnado participou na elaboración dun mural que colocamos nas portas dos dous edificios, o de Infantil e o de Primaria, que consistía en pegar bolboretas nun libro aberto simulando a fantasía que agochan os libros.



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1936>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1937>

▪ **LETRAS GALEGAS 2022**

A Semana das Letras Galegas do ano 2022 están dedicadas ó escritor Florencio Delgado. Este curso propuxéronse diversas actividades para levar a cabo nas aulas:

Cada aula elaborará un libro de lapelas, cos aspectos máis relevantes do autor a quen se adica o Día das Letras Galegas. Na nosa páxina web contamos con moitos recursos, que podeses consultar no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1927>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1946>

Outras actividades a desenvolver serían a creación dun marcapáxinas, aprender o himno galego e algún dos poemas de Florencio Delgado.

▪ **VISITAS E CONTACONTOS**

Este curso recibimos a visita dunha contacontos da Biblioteca pública de Castrillón, que nos contou distintos contos nos que aparece a figura do lobo, ao que despois lle fixemos un xuízo, e do que finalmente recibiu o indulto.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1918>

Os nenos e nenas de 5º de Educación Infantil fixeron unha saída á Libraría do Cantón, unha das máis coñecidas da cidade de Ferrol. Alí ensináronlles como é unha libraría, contáronlles contos e lles fixeron un agasallo.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1930>

Tamén os alumnos e alumnas de 1º e 2º de Primaria recibiron a visita dun ilustrador e contacontos, das que temos recollidas as imaxes no seguinte enlace:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/galeria/thumbnails.php?album=945>

▪ **DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO**

Unha vez iniciado o proxecto mediante a actividade explicada ao principio da memoria, cada aula fixo unha selección dos inventos e experimentos para levar á práctica.

A continuación expoñemos algúns deles e que figuran na nosa páxina web e que podedes consultar nos seguintes enlaces:

As aulas de 3º de Primaria, profundizaron na aprendizaxe do corpo humano empregando un invento que consistía en ver o corpo “por dentro” a través dunha aplicación na tableta e unha camiseta “máxica”.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1873>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1874>

O alumnado de 5º e 6º fixo unha saída ó CIS de Tecnoloxía e Deseño da Cabana (Ferrol) e realizaron uns talleres para a promoción das vocacións científicas-tecnolóxicas.

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1886>


Tamén dende as aulas estiveron experimentando con distintos circuitos eléctricos.



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1885>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1895>

En Educación Infantil fixeron varias actividades. Peraliño lles propuxo facer un experimento de flotación, comprobando que obxectos flotaban e cales non e comprobando despois no taboleiro das hipóteses previas.



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1877>

Tamén a aula de 3º fixo un traballo de investigación e elaborou un xogo ó que chamaron “As estrelas da ciencia” no que hai que relacionar os inventores/as cos seus inventos, e que quixeron deixar na Biblioteca para que todo o alumnado puidera xogar.



<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1947>

Destacamos outros experimentos levados a cabo polas distintas aulas:

Despois de facer unha hipótese comprobamos que é o que sucede:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1921>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1922>

Experiments nos que observamos que pasa cando mesturamos cores, tanto en Primaria coma en Infantil:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1938>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipisaacperal/node/1941>

Canto aprendimos este curso!!

